

Identidade

Definición de traballo

Os aspectos distintivos dun carácter individual ou do carácter dun grupo, que teñen relación co seu sentido do eu (*self*).

Orixes do concepto

As identidades fanse, non se dan por nacemento. O traballo tanto de Cooley (1902) coma de Mead (1934) a principios do século vinte foi importante para o desenvolvemento das teorías sobre o eu (*self*) e da identidade. A teoría do “espello” de Cooley mantivo que a avaliación que outros fan dunda persoa afecta e altera potencialemnte a visión que esa persoa ten de si. Sexa como for, a de Mead foi a primeira teoría sociolóxica sistemática da formación e desenvolvemento do eu (*self*) que insisitiu en que o eu (*self*) non é unha parte innata da nosa bioloxía, nin xurde sinxelamnete co desenvolvemento do cerebro humano, senón que se forma pola **interacción** social cos outros. O que Mead demostrou é que o estudo do eu individual non pode divorciarse do estudo da *sociedade* (e iso require unha perspetiva sociolóxica). O agromar dun sentido do eu é un prelude necesario á formación da identidade persoal. Os estudos sobre identidade multiplicáronse durante os últimos trinta anos (máis ou menos), na medida en que as fontes colectivas previamente sólidas foron debilitándose perante o consumismo e a elevada individualización que permite máis flexibilidade na conformación de identidades.

Significado e interpretación

A identidade dunha persoa é, no fundamental, a súa propia comprensión de quen é en calidade de individuo.¹ Porén, as identidades teñen inequívocos aspectos sociais porque a nosa identidade está relacionada coas identidades doutra xente e as súas identidades están relacioandas coas nosas. As identidades humanas son tamén tanto persoais coma sociais noutro aspecto, porque están formadas nos procesos continuos de interacción. Jenkins (2006) considera que hai tres partes principais na identidade: un elemento individual ou persoal, un elemento colectivou ou social e a encarnación da identidade. É importante incluír o derradeiro, porque a identidade sempre se encarna no corpo dunha persoa. As identidades compóñense de varias fontes e son multi-estratificadas .

Faise distinción entre as identidades primarias e secundarias que están vinculadas ós procesos de **socialización** primarios e secundarios. As identiddes primarias son aquelas que se forman nos primeiros anos da vida, como é o caso das identidades de xénero e da etnicidade, mentre-las identidades secundarias constrúense a partir das primarias e inclúen roles sociais, ocupacións e posicións de status. Recoñecer isto deixa claro que as identidades son complexas e fluídas, cambiantes segundo a xente acada novos roles ou deixa atrás os vellos. Significa tamén que a identidade raramente está fixada, pois está nun proceso de cambio constante. Unha consecuencia importante é que as identiddes marcan as nosas similaridades e diferenzas. Sentimos adoito que a nosa identidade individual é única e diferente doutras. Os nomes, por exemplo, son unha ilustración das diferenzas individuais. Na altura de hoxe, moitos pais procuran activamente un nome único que distinga as crianzas, en troques de escoller nomes de uso común. En contraste, as identidades colectivas amosan a similaridade con outros. Identificarse un mesmo e ser identificado por outros en calidade de membro da clase obreira, a xeito de ecoloxisa ou de sociólogo profesional, pomos por caso, pode ser fonte de orgullo e solidariedade grupal ou mesmo de vergoña.

Sexa a que for a percepción que poidamos ter da nosa propia identidade, as identidades individuais e sociais están estreitamente vinculadas co eu encarnado. Un bo exemplo da estreita vinculación entre a identidade social e a encarnación atópase no estudo sobre o “**estigma**” de Goffman ([1963] 1990). Goffman amosou cómo os discapacitados, pomos por caso, poden ser máis doadamente estigmatizados a partir dos danos físicos claramente observables (os *desacreditados* estigmas), que fan esas identidades individuais máis difíciles de “xestionar” cás que non teñen danos físicos, que poden ocultarse máis doadamente (os *estigmas desacreditadores*). Goffman concibe a vida social como a acción duns actores nun escenario (ou en moitos escenarios) porque a maneira en que actuamos depende dos papeis que desenvolvemos nun momento particular. A xente é sensible á maneira en que outros os ven e válese de moitas maneiras de xestionar a impresión para obrigar a outos a reaccionar perante eles da maneira que queren.

¹ Verbo disto, véxase M. Foucault, *Qué é ilustración?* en M. Foucault, *Sobre la ilustración*. Madrid, Tecnos, 2003, pp. 71-97. (N. do t.)

As influencias sociais na identidade de xénero flúen a través de moitas canles diferentes. Por exemplo, os estudos das interaccións entre pais e fillos amosaron diferenzas claras no tratamento de nenos e nenas mesmo cando os pais cren que as súas reaccións son as mesmas perante os dous sexos. Os xoguets, libros ilustrados e programas de televisión dos que teñen experiencia os cativos tenden a enfatizar todos as diferenzas entre atributos masculinos e femininos. Aínda que a situación está a mudar, os personaxes masculinos tenden a ter roles máis activos e afouts, mentres cós femininos retrántanse a xeito de pasivos, expectantes e de orientación doméstica. As investigadoras feministas demostraron como é que os produtos mediáticos e culturais dirixidos pola mercadotecnia a públicos novos encarnan actitudes tradicionais a respecto do xénero e dos tipos de obxectivos e ambicións que é de esperar que teñan nenas e nenos.

Puntos críticos

Algunhas teorías recentes desafían a propia noción de “identidade” concibida a xeito de cousa fixa ou asignada polos axentes socializadores. Seguindo a Foucault, manteñen que o xénero e maila **sexualidade**, xunto cos outros termos que acompañan a estes conceptos, constitúen un **discurso** específico da sexualidade máis do que referir a algo que sexa obxectivamente real. Por exemplo, Foucault mantivo que a identidade homosexual masculina que hoxe en día se asocia cos gays non era parte do discurso dominante sobre a sexualidade no século dezanove ou en tempos anteriores. Entón, esta forma de identificación non existía ata que se converteu en parte (ou foi creada dentro) dos discursos da medicina e maila psiquiatría. As identidades poden, logo, concibirse de xeito pluralista, máis ben inestable e suxeitas a cambios radicais no curso dunha vida.

Relevancia actual

A identidade é un concepto de significación crecente en moitos campos especialidades. Os estudos sobre movementos sociais investigan arestora como é que a identidade colectiva se constrúe, os estudos de clase estudan os cambios de identificación en diferentes fraccións de clase e grupos sociais, e os sociólogos da saúde amosaron cómo é que a identidade persoal pode ser danada pola aparición e progreso da enfermidade crónica. O concepto de identidade está agora moi ben establecido na socioloxía e úsase para estudar moitos asuntos e materias novas.

Para a maioría da xente hai unha división clara entre a identidade que desenvolven mentres están no traballo e aquela outra que pertence ó seu contorno privado, doméstico. Sexa como for, nalgúns lugares de traballo houbo un intento de “humanizar” o contorno laboral (nomeadamente nas oficinas, nos centros de chamadas telefónicas e noutro lugares de traballo orientados ós servizos) por medio da introdución de oportunidades e facilidades para toda unha gama de actividades de “diversión”. Nunha análise dos escritos sobre esta cuestión, Baldry e Hallier (2010) manteñen que, malia os aspectos atractivos, tales intentos poden ser contraproducentes. Os traballadores poden ofenderse perante o que perciben a xeito de intrusión dos xestores nas súas identidades privadas e a xeito de intento de cambiarlos seus valores. Máis ca “lubrica-las rodas” da produtividade, a diversión no posto de traballo pode levar a niveis de **alienación** máis altos.

Dende a década de 1980, houbo interese anovado polos movementos sociais a xeito de fontes de identidade, e Saunders (2008) investiga as identidades colectivas forxadas dentro das organizacións do movemento ecoloxista. Os movementos son colectividade de base ampla, centrados nalgúns ideas centrais ou preferencias ideolóxicas. En todo caso, a solidadriedade interna dos movementos tende a crearse nalgúns das organizacións do movemento social (como é o caso de Greenpeace ou Earth First!) que constitúe o movemento máis amplo. Dado que os activistas tenden a forxar identidades dentro das organizacións, a súa lealdade é forte e paradoxalmente pode ser unha das fontes das divisións internas que adoito se atopan nas redes do movemento social.

Rereferencias e ampliación bibliográfica

Baldry, C. e Hallier, J. (2010) “Welcome to the House of Fun: Work Space and Social Identity”, *Economic and Industrial Democracy*, 31 (1), pp. 150-72.

Cooley, C. H. (1902) *Human Nature and the Social Order* (Nova York: Scribner’s).

Goffman, E. ([1963] 1990) *Stigma: Notes on the Management of Spoiled Identity* (Londres: Penguin).

Elias, N. (2000) “*Homo clausus* and the Civilizing Process” en P. du Gay, J. Evans e P. Redman (eds.), *Identity: A Reader* (Londres: Dage), pp. 284-96.

Jenkins, R. (2008) *Social Identity* (Londres: Routledge).

Mead, G. H. (1934) *Mind, Self and Society*, ed. C. W. Morris (Chicago: University of Chicago Press).

Saunders, C. (2008) “Double-Edged Swords? Colleeive Identity and Solidarity in teh Enviromental Movement”, *British Journal of Sociology*, 59 (2), pp. 227-53.